CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	- Recoñece cantidades numéricas de xeito manipulativo.	TI
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	- Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	- Participa en propostas cooperativas valorando respectuosamente as aportacións alleas.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	- Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	- Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	- Respeto os tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	- Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Ampliación do repertorio lingüístico individual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

UD	Título da UD	Duración
7	Arte e coidado do medio mariño. Caroline South.	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	- Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	TI
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	- Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes, empregando nocións espaciais básicas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	- Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias..	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	- Emprega o corpo e outros materiais para efectuar medidas en diferentes situacións cotiás.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	- Identifica e diferencia situacións favorables e desfavorables para o medio natural.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	- Coidase e coida a contorna.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	- Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito guiado.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	- Diferencia algunha profesión, organización e servizo da súa comunidade.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	- Realiza creacións plásticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	- Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Respecto cara ás producións alleas. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
8	Lingua inglesa	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	- Participa en situacións de uso de diferentes linguas.	TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	- Fai algunha aportación de xeito guiado empregando as expresións de convencións sociais básicas en diferentes linguas	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	- Manifesta interese por relacionarse en diferentes linguas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	- Participar nas actividades en lingua estranxeira.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogo e movemento	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	- Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	- Realiza a representación do seu corpo coas súas partes máis importantes	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	- Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	- Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	- Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	- Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	- Participa en xogos de xeito activo.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	- Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

UD	Título da UD	Duración
10	Música e movemento	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	- Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir sons.	TI
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	- Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	- Fai achegas sobre producións dos demais de xeito respectuoso.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	- É quen de expresarse musicalmente, empregando a voz e instrumentos musicais, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	- Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas.

Contidos

- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Abordamos as diferentes temáticas desde unha visión construtivista e cun enfoque globalizado, partindo dos intereses e coñecementos previos aplicando unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción. A metodoloxía está moi relacionada coa organización espazo- temporal que temos nas aulas de Educación Infantil. A aprendizaxe por ambientes e os talleres integrais son dúas correntes que inflúen na nosa concepción da estruturación do espazo e do tempo.

Nós entendemos que todos os espazos e recursos da escola son compartidos, os diferentes espazos e materiais do ciclo son para emprego e desfrute de todo o alumnado e profesorado do mesmo. Do mesmo modo todos somos responsables do seu coidado e mantemento.

O xeito de artellarlo con 3 aulas é o seguinte. Establecemos como grandes eixos temáticos nos que englobar as actuacións educativas os seguintes:

- Lingua, aquí realizaremos todo tipo de actividades e actuacións máis relacionadas coa lingua oral e escrita no desenvolvemento dos diferentes contidos programados.
- Experiencias, máis centrado en contidos e actividades da área de Coñecemento do Medio e a linguaxe matemática.
- Arte, cun ambiente e materiais máis orientados a expresión e técnicas artísticas.

Establecer este reparto nos permite ter materiais como xogos de mesa, quebracabezas, xogos de numeración..., máis adaptados a 3 e 4 anos na 1ª liña e para 4 e 5 anos na 2ª liña.

Pensamos que concibir unha escola compartida debe incluír tamén compartir a dotación económica, a perspectiva metodolóxica e a programación didáctica. Para isto último debemos facer un esforzo de coordinación en tres niveis.

- Coordinación de ciclo.
- Coordinación dentro dun mesmo nivel se se dá o caso.
- Coordinación liña, referido estre último a decisións de como organizar os ambientes polas aulas que rotamos os cursos dunha mesma liña.

A programación compartida desde a nosa experiencia enriquece as actividades programadas pois se abordan desde a experiencia e puntos de vista de tantos docentes como teña o ciclo, permitindo explotar os puntos fortes de cada un. Tamén favorece que os nenos e nenas do ciclo teñan unha formación máis homoxénea na liña do ciclo sen deixar de participar do carácter propio de cada grupo e do estilo de cada docente.

O ambiente é un elemento educador de primeira orde polo que ano a ano nos esforzamos por ter espazos esteticamente atractivos, libres de plásticos, accesibles ao neno, nos que poida intervir e desenvolverse. Isto implica tamén unha inversión económica pois as dotacións da administración resultan un tanto obsoletas.

Entendemos o recreo como un lugar e un momento onde aprender de forma vivencial, onde descubrir a través do xogo libre e onde se multiplican as posibilidades de relación e aprendizaxe social.

Pensamos, por tanto que non debe de ser un momento excesivamente ríxido na súa duración.

A situación da nosa escola, preto do monte, da praia e a lagoa permítenos realizar saídas á natureza para ver insitu a pegada que deixa o paso das estacións na nosa contorna natural, observar plantas e pequenos animais. Son estes, recursos que procuramos aproveitar os beneficios físicos e psíquicos de pasear, explorar e xogar ao aire libre.

Ano a ano o aprendizaxe cooperativa cobra importancia na nosa forma de traballar. Consiste en traballar en diversos momentos da xornada en equipos de nenos e nenas, heteroxéneos e estables no tempo. Grupos de tres ou catro membros que se coñecen, axudan, motivan para acadar xuntos os obxectivos propostos e chegar ao máximo das súas posibilidades aprendendo ademais a traballar en grupo. No traballo todos e todas participan e aproveitan a interacción simultánea para resolver as tarefas e chegar ao máximo das súas posibilidades, mentras que a situación sanitaria non mellore os equipos serán estables e propoñeremos actividades nas que non teñan que compartir o material.

Ademais do esforzo e crecemento individual buscamos darlles a oportunidade de desenvolver actitudes como a solidariedade, o respecto ás diferencias o diálogo, aprender a dar e pedir axuda, aprender a opinar e escoitar e compartir responsabilidades entre outras.

Dependendo do grupo co que esteamos traballando podemos realizar traballo cooperativo desde unha vez cada 15 días ata 2 ou 3 veces á semana.

Para que un grupo sexa capaz de cooperar é importante preparar o ambiente dentro do mesmo favorecendo o

coñecemento mutuo e a valoración positiva entre compañeiros para que non momento de enfrontarse a unha tarefa estean dispostos a axudarse e non se dean por satisfeitos ata que todos e todas cheguen a acadar o obxectivo. Para iso empregamos diferentes dinámicas de cohesión, xogos e estratexias que nos achegan a este fin.

O seguinte paso é aprender a facer as tarefas empregando estruturas cooperativas que mediante quendas de actuación aseguran que todos os membros do grupo participen, se aproveite a interacción entre eles.

Empregamos diferentes estruturas como Lapis ao Centro e 1,2,4 .

As tarefas propostas son sempre adaptadas ao nivel do grupo, que se resolvan en pouco tempo, que xa fixeran antes e non supoñan moita dificultade. Consideramos que debemos propor retos que proporcionen satisfacción ao poder resolvelos, fuxir da frustración e o aburrimiento.

Como vantaxes atopamos que co traballo cooperativo son máis solidarios/as, quen ten máis dificultades recibe máis axuda, quen precisan menos axuda dan un paso máis ao esforzarse para dala, todos teñen algo que ofrecer ao equipo e todos e todas aprenden do equipo.

Entendemos a tamén a educación emocional como un aspecto que axudano desenvolvemento harmónico e integral do alumnado. Consideramos que recoñecer e respectar emocións propias e dos demais favorece o autoconecemento e a empatía. Así mesmo, a xestión da frustración axuda afrontar e resolver os problemas que xurden na vida cotiá.

No traballo da numeración e da lóxica matemática aproveitamos estratexias da metodoloxía ABN como medio para a resolución eficaz de problemas complexos da vida cotiá.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Nas distintas aulas contamos con material didáctico diversificado como quebracabezas, libros adaptados ao nivel, xogos para desenvolver as capacidades lóxico-matemáticas e espaciais do alumnado, e material para desenvolver o xogo simbólico. Contamos tamén con material funxible de uso común.

Os recursos didácticos mais relacionados co desenvolvemento das unidades didácticas e os proxectos son de elaboración propia para o traballo personalizado e as pensadas para o traballo colectivo. Ademais contamos con recursos que achegamos de fora das aulas, relacionados cos proxectos (libros especializados, internet, xornais, revistas, documentais, presentacións, persoas que visitan a aula, información recollida nas casas...).

Aula de Experiencias:

Esta aula recolle materiais relacionados co coñecemento do medio como libros e guías de natureza, lupas, microscopio e obxectos e elementos naturais e para a linguaxe matemática e tecnoloxía. Xogos de construción, magnéticos e de ensamblaxe, materiais de xogo simbólico relacionado con animais e elementos naturais, quebracabezas, elementos manipulativos e xogos de conteo e razoamento lóxico-matemático..

Aula de Arte:

Nesta aula concentramos a maior parte de materiais específicos para a experimentación e a expresión plástica como mesa de luz, proxector, mesa de trasvases, cabaletes de pintura, pinces, témperas, ceras, pinturas para téxtil, pasta de modelado, útis para modelado, troqueladoras, material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas, punzóns, almohadillas, diferentes tipos de papeis e cartolinas, plastilinas, abalorios, colas e alquil, etc.

Aula de Lingua:

A aula de lingua teñen un recanto axeitado para a lectura con contos. Tamén dispoñen de bandexa de trazado, mesa de luz, letras móbiles, taboleiro magnético con letras e formas, quebracabezas, plastilina, xogos de asociación de imaxe e palabra, encrucillados, material de xogo simbólico, disfraces, casa de bonecos, fichas de trazado, letras móbiles e de lixa, unir puntos, recortado, memoria e atención, soportes para o trazo: bandexas, papeis, cartolinas, pergamino máxico, pizarras, xogos de mesa

No espazo exterior contamos cunha zona de columpios, areeiro con cubos e palas, zona de cociña de xogo simbólico, neumáticos, troncos e cordas de gran grosor, zonas verdes con árbores e invernadoiro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
 - Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
 - Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
 - Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno
- Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias. Esta avaliación inicial realizarase unha vez superado o período de adaptación, teranse en conta información

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lincguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
- Adecurar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos.

- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.	X	X		X			X	
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X						
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X				X		X	
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.		X				X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X		X				X	
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X	X		X	X			X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		
ET.2 - Hábitos de control corporal.	X	X
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.		
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.		
ET.5 - Educación para o consumo responsable.		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X

Observacións:

Os elementos transversais están presentes en todo momento de convivencia na aula pero é fundamental darlles espazos de tratamento concreto, visible e identificable para que non rematen por fundirse na actividade cotiá e perdan peso. Por exemplo as conmemoracións teñen gran peso no noso traballo anual, resultan momentos de traballo moi potente sobre a igualdade de xénero, da non violencia, para traballar a paz, o coidado do medioambiente, aprender a valorar as diferencias e diferentes capacidades, a ser cidadáns respectuosos pero críticos e consumidores con criterio e conciencia.

Traballaremos a adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autocoñecemento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Casa da Cultura	espectáculo musical "Cantaxoga" de Migallas	X		
Exposición de fotografía	Peirao de Trasatlánticos da cidade da Coruña		X	
Zoolóxico Marcelle Natureza	visita ao parque de natureza			X

Observacións:

A nivel xeral, en canto as actividades complementarias propoñemos:

- Participar nas actividades programadas polo colexio.
- Participar nas actividades programadas polo concello de Valdoviño.
- Potenciaremos as saídas ao entorno natural.

de xeito concreto, as actividades complementarias programadas para este curso en educación infantil son:

- No primeiro trimestre, o 21 de novembro asistiremos na Casa da Cultura ao espectáculo musical "Cantaxoga" de Migallas.

- No segundo trimestre temos previsto asistir a unha exposición de fotografía no Peirao de Trasatlánticos da cidade da Coruña, como xa fixemos o curso pasado coas exposicións "Meisel". Nesta saída aproveitaremos para visitar un parque da cidade e volver despois de xantar.

- No terceiro trimestre, o día 4 de xuño visitaremos o zoolóxico Marcelle Natureza, onde pasaremos o día e voltaremos tras rematar a visita ás 17h. Tamén, dentro do proxecto mediambiental do terceiro trimestre, tentaremos facer a saída á praia ao longo dunha mañá.

Deixamos aberto este apartado ante calquer actividade ou saída relacionada cos temas traballados que poida xurdir ao longo do desenvolvemento do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A programación didáctica resultou adaptada aos intereses do alumnado e ao tempo para levala a cabo.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía respondeu ás necesidades e características do alumnado.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización das aulas xenerou momentos de aprendizaxe ricos e singnificativos
Medidas de atención á diversidade
Foi posible e se atendeu correctamente ás necesidades de todos os nenos e nenas
Clima de traballo na aula
Xenerouse un bo clima de traballo e relación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación entre os membros do equipo e coas familias foi suficiente e de calidade

Descrición:

Ademais dunha avaliación inicial no mes de outubro nas sesións de avaliación correspondentes a cada trimestre farase unha avaliación cuantitativa do porcentaxe de programación desenvolvido. Avaliarase tamén en cada sesión os desaxustes que se deron na aplicación da metodoloxía, aplicando as correccións correspondentes.

Na sesión de avaliación do terceiro trimestre, ademais do anterior, realizarase unha autoavaliación da función docente. Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

Proceso de ensino:

- 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
- 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
- 3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?
- 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
- 5.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
- 6.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?
- 7.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
- 8.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
- 9.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?
- 10.- Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?

Práctica docente:

- 1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 2.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?
- 3.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 4.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 5.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
- 6.- Préstase atención aos temas transversais?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados

1. Patios Activos en educación Infantil do CPI de Atios

Este proxecto xustifica e fundamenta o aproveitamento no ciclo de educación Infantil do CPI de Atios dos períodos descritos na Orde do 22 de xullo de 1997, apartado 4.5 do capítulo IV, referido aos tempos de recreo onde menciona: “Na educación infantil poderán programarse ademais segmentos de lecer, con actividades ou xogos dirixidos, en períodos que non superen globalmente os 30 minutos.”

No CPI de Atios entendemos o espazo do patio como un espazo máis de aprendizaxe e contacto coa natureza, para nós é un axente educativo de primeira orde. Nel realizamos actividades como as que describimos neste proxecto e moitas máis relacionadas con obradoiros de familias, conmemoracións, festividades, proxectos e instalacións que desenvolvemos ao longo do curso. Ademais, nel lle damos especial importancia aos elementos naturais e de xogo non estruturado para favorecer o xogo libre.

2. Accións de contribución ao Proxecto Lector.

Sempre en coordinación co Plan Lector do centro e como complemento cada trimestre desenvolveremos unha unidade didáctica de animación á lectura baseada nunha obra literaria.

Continuaremos co préstamo de libros de biblioteca de aula , así como distintas actividades de animación á lectura organizadas polo equipo de Biblioteca do centro como o préstamo da mascota da biblioteca realizada con E-téxtiles.

O noso patio é un lugar privilexiado para ler, contar e dramatizar contos. Despois do xogo, á sombra do noso carballo é o momento e lugar perfecto para deixar voar a nosa imaxinación e mergullarnos nunha lectura.

3. Accións de contribución ao Plan Dixital

- Realización dalgunha actividade Lim relacionadas coas unidades didácticas.
- Uso da PDI para as rutinas de asemblea nas clases que contan con ela.
- Emprego de robots educativos.
- Nas aulas onde temos PDI empregamos a mesma como un recanto máis onde buscar información e traballar con aplicacións educativas.

Cada trimestre trataremos de desenvolver unha actividade onde empreguemos material de Polos Creativos, ben sexa por medio da participación na radio, emprego de robots, creación de vídeos ou contidos audiovisuais, máquina de chapas ou calquer outra actividade ou recurso que podamos aproveitar para desenvolver competencias STEM